

A FIGURA DO FUXIDO NA LITERATURA GALEGA DE POSGUERRA

LA FIGURA DEL FUGITIVO EN LA LITERATURA GALLEGA DE POSGUERRA

THE FIGURE OF THE FUGITIVE IN GALICIAN POSTWAR LITERATURE

DATA DE
RECEPCIÓN:
06/03/2014

DATA DE
ACEPTACIÓN:
28/04/2014



Alba Rozas Arceo

Universidade de Santiago de Compostela

idrial_mg@hotmail.com

Resumo: Analízase, dentro da Literatura Comparada e dende a perspectiva da Tematoloxía, a figura do fuxido en tres obras da narrativa galega posteriores á Guerra Civil española: *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, *Aqueles anos do Moncho* e *A Teima de Xan*. Ofrécese un estudo das obras atendendo ao seu contido e estrutura. Realízase unha análise da figura do fuxido e as súas implicacións, así coma unha revisión da súa concepción mítica.

Palabras chave: Guerra Civil española, fuxido, mito.

Resumen: Se analiza, dentro de la Literatura Comparada y desde la perspectiva de la Tematología, la figura del fugitivo en tres obras de la narrativa gallega posteriores a la Guerra Civil española: *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, *Aqueles anos do Moncho* y *A Teima de Xan*. Se ofrece un estudio de las obras atendiendo a su contenido y estructura. Se realiza un análisis de la figura del fugitivo y sus implicaciones, así como una revisión de su concepción mítica.

Palabras clave: Guerra Civil española, fugitivo, mito.

Abstract: The figure of the fugitive is analyzed from the perspective of Thematology, a branch of Comparative Literature, focusing on three works of Galician narrative, posterior to the Spanish Civil War: *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, *Aqueles anos do Moncho* and *A Teima de Xan*. A study of the works, according to their content and structure is provided, along with the analysis of the figure of fugitive and its implications, as well as a review of its mythic conception.

Keywords: Spanish Civil War, fugitive, myth.

Introdución: aproximación teórica

A Tematoloxía é a rama da Literatura Comparada encargada da análise dos temas e argumentos dos textos literarios e as súas relacións, tanto dentro dunha mesma obra coma noutras manifestacións textuais anteriores ou posteriores (Gil-Albarellos, 2003: 239). O estudo da literatura dende o punto de vista dos temas permite o seguimento dos elementos constitutivos do contido nas obras literarias.

A partir desta perspectiva teórica, o presente estudo pretende constituír unha análise da figura do fuxido en tres obras da narrativa galega posterior á Guerra Civil española, seleccionadas atendendo á representatividade das distintas fases do tratamento literario do conflito en Galicia, isto é, dende a perspectiva autobiográfica até a ficcionalización e a contribución literaria á recuperación da memoria histórica, así coma aos diferentes destinatarios das obras, dende o lectorado adulto até o público xuvenil e infantil.

De acordo con estes criterios, *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, de Antón Alonso Ríos, publicada en 1979, integra a produción literaria para adultos, daqueles autores que empregan as súas propias experiencias para trazar as claves do período comprendido entre 1936 e 1939. En cambio, *Aqueles anos do Moncho* de Xosé Neira Vilas, publicada en 1977, constitúe a primeira obra da Literatura Xuvenil galega na que se ficcionalizan episodios sucedidos durante a contenda. En última instancia, *A Teima de Xan* de Antonio García Teijeiro, publicada en 1991, representa o tratamento desta temática nas obras dirixidas aos máis novos durante o afianzamento da democracia, achegando unha visión das consecuencias do conflito.

O propósito de revisar o tratamento da figura do fuxido nestas novelas esixe a consideración de catro unidades tematolóxicas principais, a saber, o arquetipo, o tipo lendario, o símbolo e o mito, de acordo coas definicións propostas por Guyard na obra *La literatura comparada* (1957), o Equipo Glifo no *Diccionario de termos literarios (a-d)* (1998) e no *Diccionario de termos literarios (e-f)* (2003) e por Platas no *Diccionario de términos literarios* (2006), respectivamente, así como desde a perspectiva da Poética do Imaxinario.

O arquetipo, segundo as obras consultadas, constitúe o modelo, exemplo ou prototipo no que se resumen as características esenciais de algo ou de alguén. Ademais, esta verba designa unha serie de imaxes modelo, iguais tanto en pobos de cultura distinta como en individuos illados, as cales, a partir do inconsciente colectivo humano, se fan patentes nas lendas, nos mitos, nos símbolos ou na literatura, encarnando, nalgúns casos, problemas e actitudes positivas ou negativas de valor universal.



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra


Guyard (1957: 55), concretamente, sitúa dentro do tipo lendario aqueles personaxes saídos dunha tradición nacional que foron elevados polo azar ou por un escritor á categoría de celebridade internacional e a unha dignidade simbólica.

De acordo co que se transmite nos títulos referenciados, o símbolo consta dun termo real abstracto ou concreto pero indefinible, misterioso e transcendente que permanece *in absentia*, e un termo imaxinario concreto, *in praesentia*, o cal toma un sentido distinto do que inicialmente posuía. A relación entre ambos termos, xurdida do uso reiterado das connotacións abstractas vertidas sobre o termo concreto, dá lugar ao símbolo.

Finalmente, a Poética do Imaxinario analiza o referente da obra literaria como contido temático antropolóxico, entendendo o mito coma o produto semántico da imaxinación que pertence a un subconsciente colectivo (Gil-Albarellos, 2003: 253).

Tres obras sobre a consecución da Guerra civil española: *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte, Aqueles anos do Moncho e A Teima de Xan*

7



Antes de proceder á análise da figura do fuxido nas tres obras propostas, é preciso, como fixeron Roig, Ruzicka e Ramos (2012: 11), levar a cabo un estudo atendendo aos contidos e á estrutura das mesmas para formar unha panorámica literaria sobre a Guerra Civil española, epílogo do tenso clima de crispación que existía no país entre as ideoloxías de esquerdas e de dereitas durante a Segunda República española (14 abril 1931-17 xullo 1936), que se inicia tras a insurrección militar contra o goberno republicano lexitimamente constituído, derivando nunha loita fratricida entre o bando republicano e o bando nacional, até finalizar en 1939 co triunfo do bando nacional e a instauración da ditadura presidida polo xeneral Francisco Franco Bahamonde (Roig, Ruzicka e Ramos, 2012: 11).

O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido (1979) de Antón Alonso Ríos (Silleda, 1887-1980) constitúe, como o subtítulo da obra indica, unha mostra do xénero narrativo histórico das memorias, dado que o autor, líder agrarista obrigado a fuxir dende o estoupido da Guerra Civil española en 1936, fala en primeira persoa dos feitos nos que participou, das situacións que padeceu e das persoas ás que coñeceu, até que finalmente consegue emigrar a Bos Aires ao remate da contenda, en 1939.

A novela estrutúrase en trinta capítulos de diferente amplitude e densidade de asuntos: os primeiros catorce capítulos abranguen dende o comezo da persecución política do protagonista (o cal, despois de participar na resistencia armada contra os sublevados, procura agocho en distintos municipios e lisca ao monte coa intención de chegar a Asturias) até o inicio da súa vida de esmoleiro, de acordo cunha nova identidade inventada; mentres que os dezaseis capítulos restantes recollen as vivencias do pobre traballando de criado en diversas casas até chegar a Portugal, embarcar para Marrocos e, finalmente, para Bos Aires.

A narración desenvólvese en tempo pasado, obedecendo ao distanciamento temporal do autor respecto dos feitos, pois é durante o franquismo, na emigración arxentina, cando leva a cabo o relato das súas vivencias como narrador implicado, nun exercicio de retrospección. Non obstante, a obra caracterízase polo seu carácter externo, en tanto o leve pouso de intimismo e subxectividade cede a prol dunha maior relación cos acontecementos políticos e sociais, nun intento de transcender a experiencia persoal para ofrecer a panorámica do período correspondente ao conflito. Así é todo, se ben a narración autodiexética pretende reflectir a realidade, debido ao filtro persoal ao que o autor, conscientemente ou non, somete as súas lembranzas, moitos detalles resultan interpretados, ocultados ou salientados, de modo que non é posible descartar a carga literaria dos sucesos expostos dende a focalización interna do autor protagonista.

A obra responde en certa medida ao formato do diario de viaxes, pois o autor narrador anota os acontecementos relevantes de lapsos de tempo variables, desde o 18 de xullo de 1936 até o 29 de xuño de 1939.

Sobre este narrador articúlense as accións e os personaxes (dende partidarios agraristas, compañeiros republicanos, militantes de esquerdas e de dereitas, até falanxistas, pobres, aldeáns reticentes respecto da súa tendencia política esquerdista ou ignorantes da mesma —pero dispostos a darlle acollida e a aceptar os seus servizos, caso da señora Carme, a súa filla Dosinda e o parente destas, Ramón Lavandeira— así coma colaboradores da súa tentativa de exilio) que contribúen maiormente á súa salvagarda, minguando os seus padecementos e, en menor medida, á súa posta en alerta ou en risco de ser apresado e executado. Esta variada poboación aldeá permite ao autor realizar unha análise da situación social ao encarnar ou dar conta das diferentes opcións para afrontar a situación bélica na retagarda, dende a rebeldía e a resistencia até a resignación, a transixencia e o apoio á matanza indiscriminada. De feito, se ben o narrador emprega o estilo indirecto para describir os ambientes, os acontecementos que fan progresar a acción e o aspecto dos personaxes, recorre frecuentemente ao diálogo para amosar os sentimentos e narrar as reaccións dos mesmos.



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

O protagonista, psicolóxicamente definido pola súa serenidade, intelixencia, precaución, responsabilidade, laboriosidade, solidariedade e respecto, non consegue ocultar un elevado nivel de formación cultural e unha ideoloxía de compromiso cos demais. Este comportamento, vinculado a un aspecto físico reducido por sinécdoque a barba longa, corpo adelgazado e vestimenta estragada, configura o patrón representativo do fuxido.

Ao longo da súa peregrinación, o protagonista vai ser consciente da situación social de penuria cultural, ideolóxica e económica, pero tamén da imposición civil e eclesiástica da propaganda e execución da política autoritaria do réxime (como demostra a prohibición de levar armas, da cal os curas quedan exentos, máis as matanzas inxustificadas dos falanxistas apoiadas por membros da curia), que percibe como inxusta e irracional, non obstante o fuxido participa da actitude resignada dos aldeáns, en tanto non defende a necesidade de loita contra as instancias de poder, control e opresión foráneas, a prol do cambio político e social.

En canto ao espazo, a acción transcorre no ambiente rural e campesiño correspondente ao das aldeas galegas de Pontevedra e Ourense, segundo a limitación xeográfica que impoñen os topónimos mencionados na obra, os cales responden á veracidade do relato. Non obstante, as accións determinantes da obra teñen lugar tanto en recintos pechados e íntimos, coma no exterior, con motivo do desprazamento do protagonista dun interior a outro, pois os espazos naturais abertos, preponderantes, debido á ameaza da guerra, conducen maioritariamente aos interiores, convertidos en acubillos fronte ao perigo de morte e a necesidade. En contraste, ao final do relato alúdese, á marxe do mundo aldeán, ás capitais estranxeiras (O Porto, Casablanca e Bos Aires), que representan o espazo do exilio e tamén a certeza da salvagarda.

As seguintes obras pertencen, de acordo con Roig (2008a: 74), á literatura testemuñal, posto que constitúen “narracións nas que un protagonista infantil chega a experiencias vividas no transcurso da Guerra Civil española ou da inmediata posguerra, dando a coñecer como se desenvolvía a vida familiar e social nese tempo, os seus sentimentos, medos, sacrificios e penurias, así como os efectos que a situación produciu no comportamento e evolución de cada un deles”.

Aqueles anos do Moncho (1977), de Xosé Neira Vilas (Gres, 1928) constitúe unha narración de tipo iniciático ou de formación (*bildungsgroman*), dado que amosa o proceso de evolución intelectual e a progresiva toma de posición ideolóxica e compromiso social dun adolescente marcado, dende a infancia deica a madurez, polos acontecementos que teñen lugar nunha aldea de Galicia ao longo da primeira metade dos anos trinta e até o remate da Guerra Civil española.

Esta obra integra, xunto con *Memorias dun neno labrego* (1961) e *Cartas a Lelo* (1971), un corpus narrativo, pois foron recollidas no volume intitulado *O ciclo do neno*, que presenta o mundo rural galego a través da visión dun narrador protagonista infantil (Roig, 2008b: 163).

A novela estrutúrase en dezaioito capítulos de distinta extensión e carga temática: os nove primeiros, máis reducidos, recollen diversos sucesos da aldea anteriores ao estoupido do conflito civil; mentres que os nove restantes, máis extensos, dan conta de distintos feitos perturbadores da monotonía da vida rural, coincidindo cos anos de desenvolvemento da guerra. De acordo con isto, a primeira parte da novela abrangue a aparición dun cepelín alemán na aldea, o nacemento e a primeira infancia do protagonista, Moncho, a mocidade do seu tío Lois, a construción da casa nova, a morte da avoa, a representación dunha obra de teatro, a rutina do traballo e da escola, o rexistro en soidade da casa familiar, a mocidade de seu pai Ramón e a visita á forxa abandonada onde se agochan os fuxidos. A segunda parte da novela narra a aparición da aurora boreal, a vida da curandeira Pilara, a fornada do pan e a chamada dos fuxidos, os xogos aldeáns, o descubrimento dun anónimo ameazante destinado a Ramón, a vida do xornaleiro Daniel, a fin do responsable do anónimo, as dúbidas do protagonista respecto da relixión e da imposición do castelán, a aparición dun cadáver na aldea, a prohibición da caza, o xogo infantil da guerra, o descubrimento da escopeta no palleiro, a morte de Pilara, a desaparición de Daniel, o remate da guerra e a morte do tío Lois, a aparición dos maquis na aldea e a marcha destes guerrilleiros.

O protagonista defínese psicoloxicamente por unhas pautas de comportamento modélicas (espelido, traballador, solidario, responsable, ansioso de saber, marcado por inquedanzas emocionais, culturais, cavilacións e dúbidas impropias da súa idade) que, desvinculadas de calquera descrición física, configuran un patrón emblemático de todos os rapaces da aldea, “nenos dóciles que seguen os consellos dos maiores pero que pensan e analizan a situación na que viven” (Roig, 2008b: 163).

Constituído cerna da narración, sobre Moncho recaen os feitos e artículanse as demais personaxes (o seu pai, o seu tío Lois, o xornaleiro Daniel, a mestra dona Rosa, o crego don Anselmo e a vella beata Pilara) as cales contribúen á súa formación, orientando o proceso de maduración do neno ao encarnar as diferentes opcións vitais posibles para enfrontar a realidade (dende o compromiso político de rebeldía e resistencia até a educación autoritaria e o integrista relixioso).

Consciente dunha situación social de sometemento económico, civil e relixioso, acentuada polas prácticas políticas impostas a raíz do conflito civil (tales coma o recrutamento de soldados, a prohibición da caza e das foliadas ou o abastecemento obrigado das autoridades sublevadas), que percibe como inxusta e irracional, ao igual que o resto da xente, Moncho vai procurar solucións, desbotando as ofrecidas pola escola, medio de imposición dunha historia, cultura e lingua alleas,



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

transmisora das ideas do fascismo xunto coa Igrexa, instrumento de sacralización da política autoritaria do réxime e das súas convencións educativas; para quererse incorporar á reducida colectividade que encarna a necesidade de loita contra as instancias de poder, control e opresión foráneas, a prol do cambio ideolóxico e social, os guerrilleiros, fronte os cales se sitúa a dominada e inculta masa aldeá da retagarda, transixente ou incapaz de repoñerse á inmoral ruindade dos delitos, das vinganzas persoais e dos crimes políticos, resignada a un destino de perpetuación sen alternativas.

Estas dúas posturas teñen a súa principal encarnación nas personalidades contrapostas de Pilar, portavoz do fanatismo relixioso coa súa visión do mundo como lugar de condenación, e o xornaleiro Daniel, rebelde e racionalista ateo, desconforme co pensamento conservador, representante da única concepción sustentable da realidade fronte ás dúbidas que suscitan a relixión e a tradición.

A narración desenvólvese en tempo pasado e en terceira persoa, conseguindo unha separación cronolóxica e de posición persoal do narrador respecto dos feitos. En efecto, a voz narradora omnisciente, se ben parece partir da focalización interna do protagonista, acada unha visión tradicional, dominadora dos acontecementos, moito máis ampla ca de calquera dos personaxes, como demostra a pormenorizada exposición da intimidación psicolóxica dos mesmos, recorrendo ocasionalmente ao monólogo interior, así como a precisión descritiva dos sucesos, que ademais valora e somete á súa perspectiva subxectiva. Non obstante, o relato remata en presente, poñendo en perspectiva o percorrido vital do protagonista que contempla a súa propia historia desde unha situación temporal, espacial, intelectual e emocional, diferente da evocada, sinalando o remate do proceso de construción da personalidade, o abandono da realidade adolescente coa entrada na madurez. Este remate supón o inicio dun novo ciclo, sen quedar concluída a historia.

En canto ao espazo, a acción transcorre nun ambiente rural e campesiño correspondente ao dunha aldea galega do interior, segundo a limitación xeográfica que imponen os topónimos mencionados na obra, os cales responden a unha pretensión de outorgar verosimilitude ao relato. Esta aldea, ao carecer de nome ou referencias facilitadoras da súa localización precisa, configúrase coma un marco xeral, identificable con todas as aldeas galegas e os seus habitantes, a colectividade anónima, pobre, traballadora, ignorante, sometida ao poder eclesiástico e civil, que completa o cadro. Porén, as accións determinantes da obra teñen lugar en recintos pechados e íntimos, producíndose comunmente o desprazamento da acción dun interior a outro e, mais raramente, cara ao exterior, pois, se ben os espazos abertos, inicialmente preponderantes, aparecen

supeditados a unha acougada e abafante rutina fóra do avance do tempo, esta monotonía vaise ver alterada pola guerra, a cal obriga ao predominio dos interiores, convertidos en acubillos de resignación ou rebeldía fronte a matanza, o terror e a necesidade, eliminando de xeito definitivo a solidariedade entre as xentes a favor da desconfianza e o segredo. Á marxe deste mundo aldeán insinúanse as vilas que, alleas e afastadas, con outra distribución, constitúen o espazo do poder.

En conclusión, como apunta Roig (2008a), esta obra relata “acontecementos da Guerra Civil nun escenario campesiño e con homes dominados polo medo que lle é transmitido ao propio neno e que condicionará a súa evolución”, pois “as experiencias conflitivas, as crises, as inquietudes do protagonista están marcadas polos condicionamentos da fame e da pobreza, a opresión, os efectos da emigración, o atraso ideolóxico e cultural causado pola guerra, a relixión, a escola, o problema lingüístico”, entre outros, a pesar de que Moncho é fillo dunha familia humilde na que seu pai é un exemplo de traballador, por moito que a veciñanza da aldea a considere forte e adiñeirada por ter unha casa nova.

A Teima de Xan (1991), de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), constitúe outra narración de tipo iniciático, en tanto amosa a progresiva toma de conciencia social e de maduración intelectual dun rapaz, desde cativo até adulto, no seo dunha familia conmocionada polas consecuencias da Guerra Civil española, nunha vila galega durante o franquismo.

A obra está estruturada en vinte e oito capítulos de diferente extensión e densidade temática, distribuídos de xeito desigual en catro partes de dez, seis, oito e catro capítulos respectivamente. A primeira parte narra a subrepticia morte do tío de Xan, o protagonista, así coma o descubrimento dun diario da súa nenez con anotacións arredor da personalidade do falecido. A segunda parte céntrase no impacto que lle causa ao rapaz o profesor de literatura, o cal lle descobre a posición de seu tío como exiliado a raíz do conflito civil, ademais, Xan acha o paradoiro do seu parente nunhas cartas gardadas na habitación de seus pais. A terceira parte inclúe como Xan, coa axuda do seu mestre, encontra o seu tío, a decisión do profesor de emigrar e a morte da súa nai. Finalmente, na cuarta parte do relato, Xan rememora a súa traxectoria académica e a morte de seu pai antes do seu retorno á vila natal, descubrindo o traslado do seu tío ao asilo onde falece. En efecto, o final remite ao comezo da obra, consolidando a circularidade do relato, que queda pechado.

A narración constrúese sobre o desdoblamento da voz do narrador, cun relato en terceira persoa, en tempo pasado, ao que corresponde a perspectiva do protagonista adulto, máis unha narración en presente, en primeira persoa, recollida nas transcricións que vertebran o diario do protagonista rapaz. Non obstante, o distanciamento temporal e persoal dos feitos relatados non



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

deriva na construción dunha voz narrativa externa, senón que na precisión da exposición dos sentimentos do protagonista e na irrupción da súa intimidade reside a súa identificación coa voz narrativa subxectiva, a cal relata desde unha focalización interna, sen ir alén do seu propio punto de vista.

De acordo con isto, o protagonista é, tanto o adolescente afectivo e intelectualmente autónomo, sorprendentemente reflexivo e observador, superado por unha dúbida, que se fai home a conta de descubrir a pegada que a Guerra Civil española deixa no seo da súa familia, coma o adulto que lembra a súa historia desde un instante cronolóxico, de formación ideolóxica, persoal e de sentimentos, diferente ao do rapaz que foi, de modo que xa non pertence á realidade evocada aínda que a xustifique.

Sobre Xan recae a acción, constituíndose como o elemento central do relato a partir do que se articulan os demais personaxes que interveñen na súa formación, basicamente os seus pais, o seu tío e o seu mestre, aínda que tamén o seu compañeiro da escola, a súa moza ou a veciña constitúen pezas necesarias para rematar de consolidar a personalidade do protagonista e completar o cadro da acción. Cómpre apuntar que a caracterización do protagonista do relato é positiva: sensible, intelixente, solidario, con capacidade de rebeldía e inquiredanzas culturais, especialmente cando se afasta da realidade infantil para transmitir as súas impresións de home. Esta caracterización responde, coma no caso anterior, á pretensión de consolidar un modelo, unha figura representativa dun rapaz calquera dunha vila calquera, razón pola cal se prescinde do retrato físico ou dun topónimo, nun propósito de universalización.

O escenario sobre o transcorren os feitos está constituído por diversas localizacións non descritas (a vila galega natal, a fraga Bela Nena, Santiago de Compostela, Vilavella) que funcionan como marco para situar a acción en Galicia, se ben a maioría de acontecementos determinantes teñen lugar, principalmente, en espazos internos (a vivenda familiar do protagonista, a vivenda do parente esquecido, o café e a escola) nos que Xan fai a descuberta dos sentimentos e do mundo e, secundariamente, en exteriores (a Praza Maior onde ten lugar a primeira experiencia amorosa do protagonista). O espazo interior da casa familiar marca unha vida rutineira e abafante derivada da guerra, mentres que a ruínoza casa esquecida na fraga Bela Nena salvagarda os valores, os modos de pensar, actuar e entender a vida anteriores ao conflito, os cales se configuran a través do personaxe do tío Camilo e a relación de solidariedade, confianza e colaboración que establece con Xan e o seu mestre. En contraste, a relación do rapaz cos seus pais vai estar marcada pola falta de comunicación e a actitude defensiva, receosa e insolidaria dos pais de Xan que viven no segredo e

no temor, constituíndo a sinécdoque dun mundo moralmente deteriorado, ruín e sórdido a causa da guerra, sustentando por unha educación católica que nega a cultura e a personalidade.

En definitiva, segundo indica Roig (2008a: 79), a obra constitúe non só unha narración “de tipo iniciático”, senón tamén “de misterio ou con trazos policiais”, pois o protagonista adolescente descobre a incidencia do conflito bélico no seo da súa familia a partir do exilio do seu tío, ocultado polos seus pais para evitar vinganzas e persecucións, provocando incomunicación, perda de dignidade e fuxida interior. Non obstante, como segue a sinalar Roig, ten lugar “a recuperación da memoria do pasado” grazas á intervención dun adolescente que recorre á axuda do seu mestre para “conseguir romper o silencio e dar a coñecer feitos que foron en contra das liberdades individuais e que castigaron formas de pensar diferentes”. De feito, este rapaz protagonista consegue “reivindicar o dereito a saber, a coñecer todas as versións e non só as que os vencedores ou vencidos teñen divulgado, e tras as súas descubertas e pescudas evolucionan psicolóxica, cultural e, en definitiva, vitalmente”, incidindo “en trazos identitarios que caracterizan a Galicia e os galegos” (Roig, 2008a: 79).

A panorámica sobre o desenvolvemento e as consecuencias da Guerra Civil española que deriva do estudo argumental e estrutural das obras literarias presentadas, facilita o marco social, histórico e cultural necesario para levar a cabo a análise da representatividade e da función da figura do fuxido nas mesmas.



A figura do fuxido nas obras comentadas

En *O señor Afranio*, Antón Alonso Ríos presenta, a través da narración das súas vivencias, o proceso de xurdimento e as características definatorias da figura do fuxido, configurada a raíz das circunstancias históricas do período correspondente á Guerra Civil española.

En primeiro lugar, cómpre considerar a traxectoria política do autor protagonista, militante galeguista de esquerdas emigrado en Bos Aires que, tras a proclamación da República en España, retorna a Galicia en representación da *Federación de Sociedades Galegas Agrarias e culturais*. É máis, como membro do Consello Directivo Provisional da Federación Provincial Agraria de Pontevedra, integrou a candidatura da Fronte Popular, adheriuse ao grupo dos deputados do Partido Galeguista e desenvolveu un labor intenso a favor da aprobación do Estatuto de Autonomía antes do comezo da sublevación militar que había de derivar na Guerra Civil española.

A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

De feito, ao longo do relato autobiográfico xorden de xeito esporádico manifestacións da latente conciencia política do protagonista: “As dereitas ficaron quedas e sumisas. O mesmo pasou cos falanxistas. Unhas e outros só se amostraron despois de chegadas as tropas. Foi baixo a protección militar como eles se fixeron presentes” (Alonso Ríos, 1979: 40), contraria ao conflito “Eu, a pesar do que ouvía de mortos que aparecían nun sitio e noutro (...) non podía convencerme dunha realidade para min tan inconcebíbel, tan absurda. Non aturaba a verdade do que estaba sucedendo no país. Pois nós puxeramos presos aos que podían ofrecer perigos, mais a ningún dos nosos se lle ocorreu nin lles pasou polas mentes intentar contra as súas vidas” (Alonso Ríos, 1979: 40, 60) e ás súas consecuencias “mentres os soldados loitaban na fronte, os falanxistas adicábanse a matar xente na retagarda” (Alonso Ríos, 1979: 158).

En efecto, o compromiso e ideais políticos declarados de Antón Alonso Ríos van constituír a causa primordial da súa conversión obrigada en fuxido a prol da propia supervivencia, como revela a orde recibida polo capitán de carabineiros de Tui “Me hablaron ordenándome que tomara presos a todos los significados como de izquierda, sin distinción, fueran rojos o no; y si eran muchos, que los despachara; que, en todo caso, esto era lo más aconsejable” (Alonso Ríos, 1979: 38). Deste mandato, conciso adianto da viraxe dos acontecementos históricos, deriva o trazo definitorio da figura estudada, isto é, a fuxida, o constante desprazamento na procura de acubillo, imposición ineludible na retagarda da contenda, derivada da persecución incesante na procura de acabar con todos os que encarnasen as conviccións políticas contrarias á sublevación, como demostra o posterior “afán que puñan en dar co deputado agrario, un tal Alonso Ríos, quen tiña fuxido ao monte e polo que prometían cen mil pesetas a quen dixer onde estaba agachado” (Alonso Ríos, 1979: 83). Esta situación obriga ao perseguido a manterse nun permanente estado de sospeita, procurando información sobre o desenvolvemento do conflito, analizando os comentarios, o comportamento e a disposición das xentes que proceden nas súas estimacións “con tanta cautela que non daba pé para que se puidese atopar o fío co que procurar o novelo” (Alonso Ríos, 1979: 102).

As circunstancias descritas traen consigo a degradación física, como evidencian a barba longa, o adelgazamento e a estragada vestimenta. Estes atributos favorecen a asimilación do fuxido ao pobre, nun duplo intento de ocultar a identidade e sobrevivir. De feito, a única diferenza entre estas dúas figuras, dependentes da caridade allea, radica nas mostras de educación do primeiro, resultado do elevado nivel de estudos correspondente á súa vocación pedagóxica, intimamente ligada aos seus ideais políticos, como reconece o protagonista: “Acordeime —¿cómo non ía

lembrarme!— da miña propia escola, dos meus rapaces, dun mundo de afáns e degaros que ficaba tan perto e tan lonxe ao mesmo tempo” (Alonso Ríos, 1979: 77).

A procura de agocho require, ao inicio da contenda, a colaboración aldeá consciente, pois os responsables de acoller aos fuxidos coñecen a súa condición, son partidarios dos seus ideais políticos e tentan manter o segredo respecto do lugar de acubillo e da personalidade dos agochados, información susceptible, non obstante, de ser descuberta polo descoido dos propios colaboradores. Mais tamén, durante os anos da guerra, os aldeáns ignorantes da verdadeira identidade do fuxido contribúen á súa salvagarda, aceptando a súa condición de pobre ou os seus servizos de criado, sendo o propio fuxido, neste caso, o responsable de ocultar a súa personalidade, condenado ao exilio interior para sobrevivir entre os seus perseguidores, tanto civís coma eclesiásticos, xa que “a igrexa estaba escontra das esquerdas” (Alonso Ríos 1979: 83). Este exilio interior imposto polas circunstancias históricas implica a invención, por parte do protagonista, da identidade do esmoleiro portugués Afranio de Amaral, non tanto para suplantar a súa personalidade como para “espertar confianza, consideración e respecto; mais tamén para me rodear de certo misterio que facía que os paisanos tivesen a certeza, non de que, senón do que eu era” (Alonso Ríos, 1979: 106), equilibrando a vontade de reivindicación ideolóxica coa necesidade de manter as aparencias para salvagardar a existencia.

Por último, cabe destacar que a peregrinación a través dos montes na procura de refuxio fai agromar a comunión entre o espírito do escapado e natureza “un xigantesco Saurio xeolóxico coas vértebras desartelladas (...) Baixo o anoto dese enlevante lenzo, co seu máxico xogo de luces, formas e cores, a miña alma caeu de xoellos” (Alonso Ríos, 1979: 150).

En *Aqueles anos do Moncho* Neira Vilas achega, a través do personaxe de Daniel, unha elaborada caracterización doutro tipo de fuxido, ideoloxicamente comprometido e combatente activo despois de rematada a Guerra Civil española, o “maquí”.

A conciencia política de Daniel agroma no inicio da novela, cando un cepelín sobrevoa a aldea, pois o xornaleiro atribúe o suceso ao afán imperialista alemán, responsable da Segunda Guerra Mundial. De feito, as súas ideas maniféstanse ao longo da obra a raíz de acontecementos que alteran a monotonía da vida rural, como é o caso da representación teatral levada a cabo na casa nova da familia de Moncho, unha recreación da dura realidade dos labregos galegos dous anos antes da Guerra Civil española que remata cos berros do xornaleiro a favor da revolución social.

A vida de Daniel, marcada dende o nacemento pola pobreza, vai determinar tamén o seu compromiso político. Ao ser fillo dunha criada solteira, acompaña a súa nai nas casas nas que sirve e mesmo a pedir, de mozo desempeña diversos traballos até tomar posesión do herdo de seu pai na



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

aldea de Moncho e exercer de xornaleiro, convencido de que “uns téñeno todo e outros langrean, de que cómpre atopar algún vieiro, algún romedio, polas boas ou polas malas, a tal desigualdade. Vaise endurendo e abrindo os ollos; desbota caridades e prometimentos de laretas; desbota misas e supostas comenencias do «máis-ala»; desbota as argalladas de entendemento e benlevar, pónase por caso, entre o dono dunha fábrica e os que nela traballan a xorne. Afonda nestas cavilacións, xúntase cos do seu igual, cos que dan cada día os brazos en arrendo por unhas cativas pesetas, e ás veces nin eso. Ten sona de rebelde porque di o que pensa” ademais “leva dentro unhas ideas, unhas esperencias que teima poñer andar algunha vez” (Neira Vilas, 1989: 133).

Non obstante, a vinculación deste personaxe coa contenda vaise pór de manifesto na visita de Moncho e do seu tío á desusada Forxa, tendo en conta a revelación do rapaz arredor dunha conversa escoitada de noite, na cociña da casa, durante o primeiro ano da guerra, sobre uns homes que andaban polo monte, ás veces agochados nese lugar, aos que había que axudar. As cavilacións do cativo non só dan conta da toma de posición política da súa familia, senón das consecuencias da mesma, pois a pesar da súa tenra idade Moncho comprende que o acontecido na Forxa é un suceso grave, a raíz do cal “apareceron cortados os bacelos do resío, e lles queimaron o palleiro, que ardeu de vez (...) e cando chegou o anónimo, e os guardias andiveron por alí a perguntar un día e outro. Levaron a Daniel, o xornaleiro, que estivo tres días na cadea e disque lle pegaron (...) Os tales homes de seguro que andaban ou andiveran no lerio da guerra. Tal vez fosen guerrilleiros, como lles chamaba o Daniel; combatentes nesa loita que ardía no inqueda ir e vir da xente. Dese negro andacio que ninguén lle espricaba polo dereito” (Neira Vilas, 1989: 108-110).

Os recordos de Moncho suxiren a vinculación ideolóxica de Daniel coas esquerdas e mesmo a súa intervención bélica na retagarda da contenda, a cal fundamenta a existencia dos fuxidos, continuamente perseguidos por defender unha postura política contraria á dos sublevados; compartida, non obstante, polos seus apoios, neste caso a familia de Moncho, pois non se pode esquecer que seu pai, exercendo de mestre na aldea natal ensinaba tamén “ cousas moi vivas, moi certas (aunque non viñan nos libros), moi de todos eles porque trataban do abuso dos que runfan no poleiro, e do dereito a arrepoñerse” (Neira Vilas, 1989: 105, 106).

Ademais os pensamentos do protagonista achegan outras características definitorias do fuxido, coma o obrigado desprazamento constante e a tentativa de segredo. Mais neste caso non pode pasar desapercibido o feito de que estes homes, como sinala Daniel, apuntando indirectamente unha vinculación cos mesmos, estean armados e sexan recoñecidos como

“guerrilleiros” ou “combatentes”, atribucións que evidencian tanto o seu compromiso político coma a súa participación directa na loita. De feito, o continuar coas súas actuacións unha vez finalizada a contenda vai determinar a súa condición de “maquis”.

O fuxido adquire presenza física na novela mentres o adolescente colabora con seu pai na coedura do pan, pois, sentindo rabuñar na porta, Ramón acode e “Moncho ve na penumbra unha cara medoñenta, denegrida, de ollos moi abertos e barba mecha”. É máis, despois de atender ao fuxido o pai advirte a Moncho que “Temos de axudar a estes homes do monte que dormen no chan, andan caseamente encoiro e pasan días enteiros sin comer...” (Neira Vilas, 1989: 121), ofrecendo os trazos que completan a caracterización desta figura, en tanto home permanentemente alerta, fisicamente maltratado e descoidado, aínda que non o distinguan como maqui.

A intervención armada de Daniel na retagarda da contenda ponse de manifesto cando o pai de Moncho, ao recibir un escrito ameazante, determinado a deter o abuso, acode ao xornaleiro na procura dunha solución. Este prepara sen resultado unha emboscada, asegura a vixilancia da casa de Ramón a cargo de “xente amiga que ambos coñecían” (Neira Vilas, 1989: 135) para uns días despois informal da morte do autor do anónimo.

Consecuentemente, ten lugar a desaparición súbita de Daniel coa súa unión definitiva a estes combatentes escapados e politicamente comprometidos “rósmase que liscou pra o monte, que anda cos guerrilleiros (...) *bandidos rojos, enemigos de la patria*” (Neira Vilas, 1989: 162), os cales, ao finalizar a Guerra Civil española, continuarán coa loita armada. O propio xornaleiro, sorprendendo a Moncho camiño da Forxa, xa como fuxido “de barba longa e corpo ensumido, coberto de farrapos” que “apreixaba unha escopeta na mao esquerda”, confirma esta disposición ao adolescente “Unha guerra de tres anos na que os dous bandos perderon (...) Pra min, e pra moitos coma min, non acabou” (Neira Vilas, 1989: 171) descubrindo a súa condición de maqui.

Até o día da súa definitiva partida, vai compartir co adolescente os seus ideais falando “do tempo que viría cando trunfasen os bos, os do monte. Moita escola, bo xorne, todos traballarán pra todos, sin probes nin señores e sin caseiros nin amos; haberá igoaldade, xusticia social, fartura” (Neira Vilas, 1989: 173), como facía antes de unirse aos guerrilleiros, pois “xuntábase cos rapaces e veña de falarlles do mañan, cando os probes gobernen, cando o traballo sexa mérito e non castigo, cando estuden os que teñan chola e non certos alpabardas con bulso” (Neira Vilas, 1989: 133).

Daniel chega a determinar a conciencia política e social de Moncho coas súas ideas e actitudes, en tanto o rapaz atopa nel un “home orixinal que lle facilitaba algunhas respostas necesarias” (Neira Vilas, 1989: 133) e así, cando os fuxidos marchan da aldea, resolve o mozo unirse aos “cinco barbas, cinco sombras armadas e cunhos fardeles ao lombo” (Neira Vilas, 1989: 174) que encarnan a ansia do cambio social.



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

En *A Teima de Xan* Antonio García Teijeiro centra a atención sobre a figura do exiliado interior, o tío do protagonista, un fuxido abandonado dos seus parentes e obrigado a vivir agochado no monte até a súa vellez.

A obra comeza coa subrepticia morte de Camilo, irmán maior da nai de Xan, o protagonista. Encargado o sobriño de organizar o funeral, dispón soterrar o defunto a carón dos seus pais, aínda tendo en conta a intencionada ignorancia que mantiveron en vida respecto á existencia do seu parente, tentando impoñer o mesmo esquecemento ao seu fillo, como demostra de xeito simbolicamente explícito o pesadelo do protagonista, no cal contempla a seu tío mentres seus pais tratan de lle tapar os ollos.

De feito, o protagonista confesa que espreitando as conversas de seus pais polas noites é cando obtén a información arredor do seu tío, alcumado Peixoto, fillo dos padriños responsables da crianza de súa nai, filla de solteira.

Nunha destas conversas nocturnas vincúlase ao tío Camilo coa Guerra Civil española e malia que o rapaz tenta interrogar a súa nai arredor do seu parente, tanto ela coma o seu pai se resisten a revelar calquera tipo de información sobre o devandito, pois mentres a primeira é unha muller débil incapaz de “enfrentarse aos seus temores e loitar polo seu irmán a quen, por outro lado, critica por non adaptarse á situación e polo seu carácter rebelde xa desde pequeno”, seu pai “só quere o ben para a súa familia”, razón pola cal, “non é crítico coa sociedade que o rodea” (Neira Rodríguez, 2008a: 290).

Ante esta negativa, será o seu mestre de literatura o encargado de lle descubrir a guerra e a situación do seu esquecido tío, como deixa patente o adolescente no seu diario:

A xente non tiña dereito a opinar. Non tiña dereito a sentir (...) faloume dos cárceres, das fuxidas, dos agochamentos; incluíu nos meus coñecementos léxicos unha nova palabra: «exilio/exiliado: xente que ten que abandonar a terra por causa das súas ideas políticas». Está claro: «a guerra»; esa guerra da que falan meus pais perdeuna moita xente (...) O meu tío Peixoto perdeu a guerra. Seguramente tivo que fuxir. Meus pais non queren saber nada del (...) estaba mal visto ter familiares con outras ideas (García Teijeiro, 2005: 56).

Estas reflexións vense completadas coa configuración da imaxe de Camilo portando atributos característicos do fuxido “cunha maleta na man dereita e un saco nas costas” (García Teijeiro, 2005: 59) noutro dos pesadelos do rapaz. Deste xeito, ten lugar a caracterización directa do tío Camilo como exiliado, pertencente, en canto as súas ideas se refire, ao bando republicano.



Efectivamente, o tío de Xan vive á marxe do mundo, nunha casa abandonada afundida nunha fraga. Cando estourara a guerra, Camilo fuxira ao monte, pois a pesar de ser alcumado “O Roxo” por compartir os ideais das esquerdas, non acepta o recurso ás armas e deserta da loita para seguir exercendo de mestre dos fillos dos combatentes en distintos lugares, arriscando a súa vida. Así, precisa facerse chamar “Peixoto” coa fin de ocultar a súa identidade e salvagardarse. Rematada a contenda, tanto a súa irmá, a única familiar que lle queda, coma as xentes das vilas nas que ensinara, non lle axudaron por medo, resultando marxinado, condenado ao exilio sen saír da propia terra.

Precisamente, a través de varias cartas sen resposta enviadas a súa irmá, Xan descobre tanto o paradiro de seu tío como a súa situación, inicialmente desesperada mais finalmente chea de resignación. Cando o adolescente, grazas á disposición do seu mestre, consegue atopar ao seu parente, propónlle retornar á casa familiar, non obstante, Camilo, recoñecéndose coma vencido, non está disposto a abandonar o seu lugar de exilio, reduto dunha existencia anterior á guerra, nin sequera tras a morte dos pais de Xan, ao retornar o protagonista como mestre á súa vila natal, pois como recoñece o sobriño adulto seu tío “habitaba nun mundo completamente distinto ao dos demais” (García Teijeiro, 2005: 104).

O coñecemento da vida deste familiar vai marcar a personalidade do protagonista, en tanto reflexiona sobre a actitude idealista, nobre e recta de seu tío “home rexo, que non vendera o seu espírito en ningures” (García Teijeiro, 2005: 85) aínda que en ningún momento se dea conta explícita das súas ideas políticas. O tío Camilo vai exercer de mestre do adolescente, como responsable da transmisión da historia e tradicións de Galicia, pouso dun sistema educativo anterior ao fascista que nega a historia e a cultura propias exaltando as foráneas. Antes de morrer, o exiliado lega ao sobriño o seu lugar de retiro, acubillo desta memoria histórica esquecida.

Xan orna a personalidade de seu tío de características positivas: xusto, traballador, firme aos seus principios, solidario, desinteresadamente entregado á educación dos máis desfavorecidos. Estes trazos converten ao exiliado no “personaxe máis entrañable e decisivo da súa vida” (García Teijeiro, 2005: 115), nunha personalidade única e diferenciada do resto, non nun perdedor, senón no representante da “historia —sen “h” maiúsculo— naquel anaquiño de terra. A historia dun home diferente. A verdadeira historia do home” (García Teijeiro, 2005: 116). En correspondencia con esta análise, non resultaría desacertado considerar ao tío Camilo o Alonso Ríos que nunca chegou a saír da terra natal, coma outro “representante dos mestres republicanos preocupados porque non se perda a lingua galega e que enlaza, en certa medida, cos homes da Época Nós nos anos inmediatos á contenda, un grupo de homes que se preocuparon por formar os nenos e nenas na súa lingua e cultura, feito polo que, en moitas ocasións, como lle acontece ao personaxe de *A*



A figura do fuxido na literatura galega de posguerra

Teima de Xan, foron castigados e condenados a vivir no exilio da súa propia terra” (Neira Rodríguez, 2008a: 292).

Conclusións

A concepción mítica do fuxido parte, como amosa o análise das obras estudadas, da elaboración dun arquetipo, isto é, dun modelo ou prototipo no que se resumen as características esenciais da figura, primordialmente a súa tendencia política, contraria aos fundamentos impostos polo réxime autoritario franquista que, oposto a toda clase de liberdade ideolóxica e social, procura introducirse e dominar todos os aspectos da vida nacional mediante distintas organizacións de encadramento social, ademais de rematar con todas as ideas políticas de esquerdas, ben radicais, ben democráticas, para acadar a base política de subordinación completa ao ditador. Esta característica permite a discriminación inmediata entre o fuxido e o maqui.

Antón Alonso Ríos e mais o tío Camilo encarnan respectivamente o militante e o partidario de esquerdas, adheridos aos alicerces ideolóxicos do goberno republicano, basicamente o liberalismo, o sistema parlamentario e a democracia, se ben as súas tomas de posición política só se manifestan de maneira indirecta, mediante consideracións contrarias ás accións dos sublevados, ou quedan implícitas a través das críticas á situación social e ideolóxica que trae consigo a posguerra franquista. En calquera caso, estes dous fuxidos desvincúlanse da loita armada, pois, se ben o primeiro participa nas escaramuzas contra os combatentes sublevados, rexeita o uso das armas unha vez asume a súa situación de perseguido na retagarda da contenda; na mesma liña, o tío Camilo non dubida en renunciar á loita armada e botarse ao monte cando é chamado a filas, converténdose en desertor.

Fronte aos fuxidos sitúase o maqui ou guerrilleiro, representado por Daniel, comprometido defensor dun ideario explícito de tendencia comunista, decidido a participar na loita armada da retagarda que continúa ao finalizar a Guerra Civil española.

En todos os casos, os ideais do fuxido quedan patentes a través dun comportamento supeditado ao compromiso social, como demostra a dedicación profesional ao ensino, a integración de formacións políticas e sindicais ou a participación activa en movementos encamiñados a procurar unha mellora das condicións políticas, sociais, culturais e económicas,

configurando un patrón modélico coincidente entre individuos illados en distintos pobos, o cal é posto de relevo, a partir do inconsciente colectivo humano, nestes símbolos, encarnación de problemas e actitudes positivas de valor universal.

Esta disposición de ideais constitúe o termo real abstracto permanentemente latente, mentres que o termo imaxinario concreto, isto é, o fuxido, fisicamente descoidado, con longas barbas, adelgazado, con roupas esfarrapadas, cargando fardos e, no caso do maquis, tamén con armas, adquire un senso diferente ao que inicialmente posuía. A relación entre ambos, nacida do uso reiterado das connotacións implícitas aplicadas ao termo concreto, dá lugar ao símbolo, o cal deriva dunha asociación lóxica de tipo histórico, en tanto a encarnación destes valores políticos implica a persecución a morte por parte das autoridades do novo réxime, obrigando ao buscado a unha peregrinación constante na procura de agocho e de colaboración da poboación, tomando sempre precaucións respecto das súas accións, nun intento de resgardar a súa identidade. É máis, o fuxido aparece condenado ao exilio interior, adoptando unha personalidade inventada para preservar a súa vida, razón pola cal remata asimilándose aos sectores máis desfavorecidos da sociedade, marxinado na terra natal, en comunión coa natureza, cando non chega a acadar o exilio exterior. En cambio, o guerrilleiro non renuncia á súa identidade, conforme ao seu compromiso de continuar a loita, que implica o sometemento a unha situación de permanente necesidade.

En conclusión, o fuxido constitúe un tipo lendario, xurdido dunha tradición nacional, elevado a través das obras de distintos escritores a unha dignidade simbólica, derivada duns feitos que conforman a presentación sintética dun período e dun lugar determinados, mais, extraendo o valor de unidade absoluta consagrado nesta figura, por riba do tempo e do espazo, o referente da obra literaria revélase como contido temático antropolóxico, un produto semántico da imaxinación pertencente ao subconsciente colectivo galego, en definitiva, un mito.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bibliografía primaria

Alonso Ríos, A. (1979). *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte (Memorias dun fuxido)*. Vigo: A Nosa Terra.

García Teijeiro, A. (2005). *A Teima de Xan*. Vigo: Galaxia.

Neira Vilas, X. (1989). *Aqueles anos do Moncho*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Bibliografía secundaria

- Gil-Albarellos, S. (2003). “Literatura comparada y tematología: aproximación teórica”. *Exemplaria*, 7, 239-259. Consultado o 1 de xaneiro de 2014, <http://hdl.handle.net/10272/1843>
- Glifo (1998). *Diccionario de termos literarios (a-d)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Consultado o 23 de abril de 2013, <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>
- _____ (2003). *Diccionario de termos literarios (e-h)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Consultado o 23 de abril de 2013, <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>
- Guyard (1957). *La literatura comparada*. Barcelona: Vergara.
- Neira Rodríguez, M. (2008a). “Recuperar a memoria: *A Teima de Xan*, de Antonio García Teijeiro”. En Roig Rechou, B-A., Soto López, I. e Domínguez, P-L. (Coords.). *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (pp. 285-296). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Platas Tasende, A-M. (2004). *Diccionario de términos literarios*. Madrid: Espasa Calpe.
- Roig Rechou, B-A. (2008a). “A Guerra Civil na narrativa infantil e xuvenil galega: unha temática incompleta”. En Roig Rechou, B-A., Soto López, I., e Domínguez, P-L. (Coords.). *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (pp. 69-102). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Roig Rechou, B-A. (2008b). “*Memorias dun neno labrego* y la obra de Xosé Neira Vilas”. En Pelegrín, A., Sotomayor, M-V., e Urdiales, A. (Eds.). *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39* (pp. 155-167). Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte (Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones).
- _____, Ruzicka Kenfel, V., e Ramos, A-M. (Eds.) (2012). *La Guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*. Porto/ Santiago de Compostela: Tropelias & Companhia/ Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.